

## **Acta da Comisión Permanente celebrada o 19 de setembro de 2013**

### Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar  
Álvarez Francés, Irene  
Álvarez Morais, Noelia  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup>. Cruz  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Estévez Castro, Águeda  
Fernández Carballo-Calero, Pablo.  
Fernández Huidobro, Adrián  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Muleiro Parada, Luis  
Orge Míguez, José Carlos  
Pita Grandal, Ana María  
Rodríguez Damián, Amparo  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Salgado André, Elena  
Spigel Restivo, Karenina

Da comenzo a reunión no despacho A-205 sendo as 13:30 h. coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30 de abril de 2013)
- 2.- Informes da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, dunha modificación nos horarios do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- 4.- Admisión a trámite e designación das Comisións, se procede, das avaliacións curriculares e solicitadas polas alumnas dona Marta Valdés Villalón e dona María Barreira Villanueva.
- 5.- Rolda aberta de intervencións

A Decana excusa a asistencia á reunión de Don Javier De Vicente Remesal, Dona Helena Martínez Hens, Dona Carmen Domínguez Rubira, Dona Teresa Estévez, Don Agustín Bargiela.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30 de abril de 2013)**

Apróbase a acta por asentimento.

### **2.- Informes da Decana**

A Decana informa sobre as obras de acceso o Centro, así coma outras obras que se

levarán a cabo para a reubicación de profesores e áreas de coñecemento.

A señora estudante Dna. Águeda Estévez Castro plantexa a posibilidade de que nas aulas se fagan fiestras ou se mellore a ventilación. O Vicedecano José Carlos Orge Míguez explica as dificultades desa obra. A Decana explica que esto plantexouse á Unidade Técnica.

### **3.- Aprobación, se procede, dunha modificación nos horarios do Grao de Relacións Laboráis e Recursos Humanos.**

A Decana explica que durante as dúas primeiras semanas de setembro a Profesora Magdalena Barahona tivo que modificar o seu horario para o que se puxo de acordo coa Profesora Pilar Trigo e informou debidamente o Decanato.

### **4.- Admisión a trámite e designación das Comisións, se procede, das avaliacións curriculares e solicitadas polas alumnas dona Marta Valdés Villalón e dona María Barreira Villanueva.**

Apróbase para a estudante dona María Barreira Villanueva.

Apróbase o cambio na comisión da Profesora Encarna Dávila polo Profesor Anxo Tato, como titular, e o Profesor Pablo Fernández Carballo-Calero, como suplente.

### **5.- Rolda aberta de intervencións**

A señora estudante Dona Irene Álvarez Francés plantexa os problemas xurdidos entorno a normativa de permanencia e matrícula. A Decana explica que se están levando a cabo negociacións para mellorar os puntos negativos que afectan os estudantes con bolsa, etc. A señora estudante Dona Irene Álvarez Francés tamén se refire a necesidade de que se sexa flexible cos cambios de grupos de prácticas asignados. A Decana recorda os problemas de organización que esto plantexa. Coméntase esta cuestión e a Decana sinala que ela non será coñecedora dos acordos extraoficiais cos profesores.

Non habendo máis intervencións levántase a reunión sendo as 14.40 h. do que dou fe como Secretaria.

Emma Rodríguez Rodríguez